


---

# PARRAFADAS

---

PERIÓDICO ANUAL DO CPI PLURILINGÜE DA PICOTA \*Nº 33\* XUÑO 2023

---



## ARTE E VANGARDA






# ÍNDICE

## EDITORIAL

26 DE SETEMBRO. DÍA EUROPEO DAS LINGUAS.....	01
O DÍA MUNDIAL DA BONDADE.....	02
“ESTAMOS PETROLEADOS DEICA AS PRAIAS DA ALMA” .....	03
UN POETA NADO EN MAZARICOS.....	04
A NOSA PROFESORA MARÍA.....	05
REGUEIFANDO.....	07
100 ANOS DE SARAMAGO.....	08
DÍA INTERNACIONAL DOS DEREITOS HUMANOS.....	09
DITOS DO LOBO. O SAMAÍN.....	10
50 ANIVERSARIO DE MAFALDA.....	11
100 ANOS DO DESCUBRIMENTO DA TUMBA DE TUTANKAMÓN	12
PLANTAS DE NADAL.....	14
FESTIVAL DE NADAL.....	15
A PALABRA DO ANO 2022.....	21
PALABRA DO ANO DOS NOSOS VECIÑOS.....	22
8M.DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.....	23
O MES DA ARTE.....	25
DÍA DA PAZ.....	27
CANDELORIA. 2 DE FEBREIRO.....	28

14 DE FEBREIRO, DÍA DA AMIZADE E DO AMOR.....	29
DITOS DE BICO.....	30
5 MARZO, DÍA DO CÓMIC.....	31
FRASEOLOXÍA DO ENTROIDO.....	32
27 DE MARZO,DÍA DO TEATRO.....	34
EXOPLANETA.....	36
DÍA DE ROSALÍA, 23 FEBREIRO.....	37
A PROPÓSITO DE ROSALÍA DE CASTRO.....	38
BATMAN E GALICIA.....	40
EXCURSIÓN 4º ESO.....	41
GRIAL.....	45
LETRAS GALEGAS 2023.....	46
ENTREVISTA A IRIA VEIGA.....	48
PETRA, 200 ANIVERSARIO DO SEU REDESCUBRIMENTO.....	51
MÁIS QUE UNHA ESCOLA.....	53



# EDITORIAL

*Todo lo que puede ser imaginado es real*

Pablo Picasso

Remata un curso cheo de creación e ideas imaxinativas. Baixo un paraugas artístico de mil cores acollemos un sentimento de vangarda para mudar o noso xeito de estar no mundo con novas aprendizaxes. Pedímoslle permiso a Velázquez para viaxar ó Barroco e entrar na habitación das Meninas. Fixemos a nosa versión da escena para colgar na entrada do colexio e deixar claro que este foi un ano de artistas.

Disfrazámonos de cadros e artistas das vangardas polo Entroido, e desfilaron os Matisse, Van Gogh, Picasso, Frida Khalo... polos patios, enchéndonos de cores e optimismo. Non faltaron tampouco as nosas tradicionais celebracións que poderedes atopar nas seguintes páxinas, entre elas, o magosto, o Día da Paz, as Letras Galegas, o 28 de novembro e o 8 de marzo. Tamén as saídas e excursións que fixemos ao longo do curso.

Dende a biblioteca do centro seguimos abrazando a lectura, animándovos a encher as mochilas viaxeiras un ano máis e a participar nos concursos que fomos convocando e que xa son un clásico do calendario escolar. Aí están o concurso de relatos Terror na Picota polo Samaín ou o Certame Poético polo día da poesía, este ano con recitais centrados nas escritoras e escritores das vangardas.

O curso finaliza cunha mostra de creatividade no marco do Mazaricos Crea que se situou nas instalacións da Casa da Cultura e recolle unha mostra da creatividade que se deu no colexio ao longo do curso. Mención especial require o pequeno documental sobre a antiga igrexa de *Santa Baia de Chacín* que se puido ver na mostra.

Afirmámonos como artistas, cremos no poder de cambio da imaxinación, sentímonos nenos, nenas, mozas e mozos creativos por un ano. Queremos avanzar de canda ese sentimento de continua mudanza que supuxeron as vangardas artísticas ás que este ano dedicamos o noso Proxecto de centro no marco do PLAMBE. Como Picasso, ao inicio de curso imaxinamos un ano repleto de arte e creatividade, un futuro cheo de optimismo, paz, xenerosidade e compromiso social. E entre todas e todos, fixémoslo real.

## Bo verán !!





O Consello de Europa leva anos celebrando cada 26 de setembro o Día Europeo das Linguas co obxectivo de destacar esta riqueza patrimonial, así como sensibilizar a poboación sobre a necesidade de preservala e motivala de cara á aprendizaxe de linguas.

kaixo

Aínda que é difícil facer un cálculo exacto, segundo os datos facilitados por este organismo, no continente europeo desenvóléronse máis de duascentas falas distintas repartidas entre cincuenta países, cálculo que non ten en conta outras formas de expresión traídas pola poboación inmigrante.

Ola

Só hai vinte e catro linguas oficiais na Unión Europea, aínda que nos países membros se falan outras sesenta consideradas rexionais ou minoritarias, concepto que se define na Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias do ano 1992 como aquelas linguas empregadas dentro dun estado por un grupo de persoas numericamente inferior ao resto da poboación dese estado. Algo distinto serían as linguas non identificables con territorios, que, alén do dito para as anteriores, presentarían a característica de que non se poden asociar cunha área xeográfica particular.

Calcúlase que un total de 40 millóns de persoas utiliza algunha destas linguas rexionais ou minoritarias e destas, de acordo co estudo levado a cabo pola UNESCO, poucas se poden considerar fóra de perigo polo que respecta á súa supervivencia.

Hello

Neste aniversario do Día Europeo das linguas, non podemos deixar de lembrar que a perda dunha lingua supón tamén a perda dunha forma de entender a vida e de comprender a fauna e a flora, os alimentos e as ferramentas, todo aquilo que forma parte da vida cotiá. Pensar e expresarse nun idioma xera unha forma de relacionarse co mundo e un xeito de sociabilidade.

Thank  
you

Grácies

Dicionario O Portal das Palabras

Grazas

Bon día

l i n g u a x e



## O DÍA MUNDIAL DA BONDADDE

**Que é a bondade?** Moitos de nós definiríamos a bondade tan só como unha calidade positiva como moitas outras, sen embargo, esta vai moito máis alá.

A bondade é a inclinación ou tendencia do ser humano a facer o ben, é a disposición deste a axudar a quen o precise de maneira xenerosa, sen pretender recibir unha recompensa a cambio.



Este termo provén do latín, de bonus (bo) e o sufixo -tat (calidade).

Dende o punto de vista filosófico, a bondade é un estado da alma e da esencia do ser humano e, segundo Aristóteles, a bondade pode ser desenvolvida nunha cuestión de hábito.

Dende o ano 1998, celébrase por iniciativa da WKM (World Kidness Movement) cada **13 de novembro** o **Día Internacional da Bondade** para reafirmar as boas accións nas persoas e nas comunidades do mundo. Deste modo, dásele máis importancia a este elemento da condición humana tan necesaria para unir as divisións de raza, relixión, política e xénero presentes por desgraza na nosa sociedade.

### Considérase unha persoa bondadosa?

- Alguén bondadoso está disposto a axudar a quen o precise sen intereses persoais.
- Defende os dereitos humanos.
- Son persoas agradecidas.
- Senten gran respecto pola xente que se preocupa polo seu benestar.
- Aceptan as demais persoas sen prexuizos.

Agora que sabes como ser unha persoa bondadosa, podes levar estas pautas a cabo para selo e mellorar a sociedade. **Faino!**

Valeria Cerbán Moledo, 4º ESO



## “Estamos petroleados deica as praias da alma”

O pasado xoves 10 de novembro, o alumnado de 3º e 4º da ESO do CPI Plurilingüe da Picota asistimos a unha obra de teatro no auditorio de Santiago que se titulaba: “N.E.V.E.R.M.O.R.E.”, facendo referencia ao movemento que naceu hai 20 anos a raíz da catástrofe petroleira provocada polo afundimento do barco “Prestige”.

Esta actuación comezou cos sons dunha tormenta e, de súpeto, escóitase o lanzamento dunha mensaxe S.O.S por parte dun vello petroleiro que contiña fuel pesado e que se atopaba a tan só 28 millas do Cabo Fisterra. Por mor dunha serie de malas decisións, o barco estivo durante 7 días soltando petróleo ata que se partiu á metade e afundiou, deixando moitas toneladas de chapapote polas costas galegas, e provocando o peor desastre ecolóxico da historia de España.



De repente unha marea humana encheu a costa, todos e todas tiñan unha tarefa común; intentar limpar a peste negra que nos asolagaba. Na obra falábase da solidariedade da xente e reflexionábase sobre a gravidade desta situación, a cal era moito máis seria do que parecía.

Para entender os feitos, debémonos remontar ao pasado, o mércores 13 de novembro de 2002. Ese día non era un día común, había un enorme temporal e os centros de control marítimos recibiran un “mayday” dun buque petroleiro a 50 km da costa que cargaba 77.000 toneladas de fuel. O barco recibiu as ordes de desprazarse o máis lonxe posible da costa, unha decisión totalmente equivocada que provocou que o combustible se estendese pola nosa costa chegando a Francia e a Portugal.

Os enganados dos políticos que gobernaban nese momento, negando a realidade, provocou que os galegos e as galegas saísen á rúa creando unha marea humana que non cabía na praza do Obradoiro e que rematou coa lectura dun manifesto por parte do escritor Manuel Rivas, e do que extraemos o título do noso artigo por plasmar un sentimento común a todas aquelas persoas que alí se concentraban.

Esta obra creada por Chévere penso que é necesaria para que as novas xeracións coñezamos a lección que deu o Prestige; “a **solidariedade humana**”. En palabras do escritor Víctor Freixanes: “como unha voz que toca arrebatado, como as vellas campás das parroquias da aldea que, diante da catástrofe, mobilizaban a xente por riba de diferenzas e a prol da tarefa común, que neste caso era salvar o mundo, ou intentar salvarlo da peste negra que nos acosaba”.

Mateo Cousillas Lema, 4º ESO




# Un poeta nado en Mazaricos

**Ismael Ramos**, un escritor mazaricán, gañou o **Premio Nacional de Poesía Xuvenil Miguel Hernández** coa súa obra **“Lixeiro”** (*Xerais*).

O galardón, que lle foi concedido polo Ministerio de Cultura e Deporte, está dotado con 20.000 euros, ben merecidos.

O xurado dos premios destacou a súa obra *“pola potencia da súa imaxinación poética, capaz de emprender un canto xeracional entoado desde un desencanto reconciliado que conxuga ironía e nostalxia”*. Tamén sinalou que, *“como bo coñecedor da tradición poética contemporánea, Ismael Ramos ofrece unha proposta desprovista de afectación e moi depurada lingüisticamente que conforma unha épica vivencial de ton á vez transcendente e lixeiro”*.



**“Lixeiro”** é o terceiro libro de Ismael Ramos, supón unha reflexión sobre os desencantos do presente e a procura dunha transcendencia que non chega. A precariedade, a amizade no tronso á idade adulta, unha parella que se desintegra, unha irmá que medra, lebres que cruzan a estrada sen mirar, traballadores en barco, tren, autobús ... Todos eles atravesan este poemario, que foxe coma un animal miúdo sen saber moi ben onde vai, gozando de cada respiración na carreira.

Ismael Ramos tamén é autor dos libros **“Os fillos da fame”** (*XVII Premio Johán Carballeira de Poesía; Xerais, 2016*), **“Lumes”** (*Apiario, 2017*) e posteriormente **“Lixeiro”** (*Xerais, 2021*).

En 2019 publicou en **“La Bella Varsovia”** a primeira tradución ao castelán da súa obra **“Lumes”**, pola que recibiu en 2020 o **Premio Javier Morote** de 'As Librarías Recomendán'.

Os seus poemas foron traducidos tamén ao catalán, finés, francés, húngaro, inglés e portugués, e incluídos en numerosas revistas e antoloxías.

En maio deste ano *Nós Diario* publicou o seu relato **“Mentres tanto dáme a man”**, artigo gañador do **V Premio de Xornalismo Manuel Lueiro Rey** do Concello de Fornelos De Montes, coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

Que un premio tan importante sexa entregado a alguén do noso concello é un gran orgullo e un exemplo a seguir!!

Uxía Senra Castelo, 4º ESO





# Dámosche grazas MARÍA por cada lección aprendida e que nos permite seguir aprendendo



Despois de tantos anos dando clase no CPI A Picota chegou o momento de despedirnos da nosa profesora de Lingua Galega. A pesar de que sempre é ela quen lle encarga os artigos ó alumnado de todo o instituto, esta vez somos nós, en nome de todo o colexio os que escribimos isto como agradecemento de todo o que fixo ela por nós.

María Parada non se limitou a ser unha profesora máis, dou un paso máis alá e quixo ensinarnos a importancia dunha boa técnica para estudar e o crucial que é levarse ben cos compañeiros da clase. Ela axudounos a redactar e incentivounos a colaborar coa revista escolar.

María leva sendo durante anos un dos pilares máis importantes do centro, e sen dúbida será un traballo complicado encontrar a alguén que se asemelle (xa nin falamos de chegar ao seu nivel), pois o cariño que lle temos non se pode expresar con palabras, e este é un sentimento que vai estar con nós para sempre.

Ela nunha clase consegue que atendamos e que a cantidade de materia se faga moito máis agradable. Durante os cincuenta minutos María non só explica conceptos sobre a lingua e a súa historia, tamén fai chistes de vez en cando para que o pasemos ben e nós seguímoslle o rolo, facendo que as veces nos volvamos moi pesados porque se nos vai das mans.

Unha cousa que sempre di é que para ela, a parte de ser a nosa profesora, é a nosa amiga, o que facía que confiáramos plenamente nela para contarlle os nosos problemas e que nos axudara a solucionarlos.

Sempre nos imos acordar desas noites que quedaba ata moi tarde esperta e atenta á Aula Virtual para ver se lle mandabamos unha mensaxe cunha dúbida para o exame do día seguinte.



Por estas e mil cousas máis, e polas que nunca nos imos esquecer de ti,  
María.

Alumnado 4º ESO



# PROMOCIÓN 2010/2023





## REGUEIFANDO

O mércores 16 de novembro, Lupe Blanco, unha gran regueifeira coñecida en Galicia, veu ao noso centro impartirnos un obradoiro no cal aprendemos a cantar regueifas e a facelas da maneira correcta.

A regueifa é unha cantiga improvisada entre dúas ou máis persoas que seguen un cantar ou son durante o tempo que dura un debate sobre un tema concreto. Cada regueifeiro canta unha estrofa de catro versos octosílabos nos que riman os pares e quedan libres os impares, de maneira que formalmente coincide coa copla popular.



Este tipo de versos a varias voces pódense escoitar principalmente en Galicia e en Portugal, xa que a súa orixe procede destas zonas, tanto da Costa da Morte coma na zona da Raia, un lugar que fai fronteira entre Galicia e Portugal.

Lupe explicounos que a orixe desta controversia cantada ten que ver coa regueifa, que era un molete de pan (ou unha rosca de ovo e azucre) que antigamente se regalaba nas vodas aos convidados. A parte divertida da mesma consistía en cantar a regueifa un cantador dos de fóra da parroquia meténdose cos de dentro dela, e entón, un deles respondíalle, e así sucesivamente.



Na regueifa pódense debater varios temas, e principalmente hai un gran uso de retranca ou humor. Cada unha das controversias pode chegar a durar incluso ata varias horas, e o gañador será o regueifeiro que cante o último verso ou copla.

En tempos pasados, as mulleres tiñan rexeitado cantar regueifas, así que, mentres os homes mantiñan o debate, elas acostumaban a bailar.

A min o obradoiro gustoume moito e tamén me pareceu moi entretido, aprendemos moitas cousas sobre as regueifas!


Uxía Ozón Atán, 1º ESO



# José de Sousa,

coñecido como Saramago, foi un escritor portugués nado nunha pequena parroquia, Golegã, o 16 de novembro de 1922.

Saramago é fillo dunha familia con poucos recursos económicos, circunstancia que posteriormente vai influír no pensamento do escritor.



Á idade dos doce anos, ingresa na escola industrial, a pesar de que o escritor era moi bo alumno, non puido continuar cos estudos debido a que seus pais non podían seguir permitíndose ese luxo, por este motivo axudaría á súa familia traballando durante dous anos de ferreiro mecánico. Cambiou o seu traballo para comezar a traballar na Seguridade Social.

Saramago contrae matrimonio en 1944 con Ilda Reis, nese momento comeza a escribir a súa primeira novela, "Terra do pecado", publicada en 1947, no mesmo ano que nace a súa primeira filla, Violante.

Tras o pouco éxito da súa primeira novela, Saramago deixa de escribir por vinte anos. Neste período ingresa co membro do Partido Comunista Portugués onde sofre censura e persecución durante os anos da ditadura de Salazar.

A obra que o vai recoñecer como un gran novelista maduro e renovador portugués vai ser "Levantado do chão" publicado no 1980, unha novela histórica na que cunha lingua campesiña e un estilo humorístico chama a atención no seu momento.

Saramago segue escribindo ata que, no 1998, se lle concede o Premio Nobel de Literatura con novelas que combinan a experimentación surrealista co pragmatismo campesiño. Este premio supuxo para el un recoñecemento internacional.

Cabe destacar deste autor que era un gran defensor da democracia, que, tras outorgárselle o Nobel, este comeza a participar en congresos a nivel español e internacional.

Saramago falece aos oitenta e sete anos dunha leucemia crónica na súa residencia da localidade de Tías (Lanzarote) o día 16 de xuño do 2010.

O 16 de novembro de 2022, celébrase o primeiro centenario do nacemento deste grande escritor que demostrou que os soños sempre se poden cumprir.

Paula Maneiro Bergantiños, 4º ESO

C E N A N O S

D E

S A R A M A G O





## DÍA INTERNACIONAL DOS DEREITOS HUMANOS

O 10 de decembro celebrouse o Día Internacional dos Dereitos Humanos, facendo honra ás liberdades obtidas ese mesmo día no 1948, cando a Asemblea Xeral das Nacións Unidas adoptou a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH).

Dende hai séculos, as persoas loitaron para obter certos dereitos e igualdade, xa fose mediante revoltas ou libros, pero moitos deles foron ao principio ignorados. Incluso algúns que se chegaron a aplicar oficialmente non eran completamente igualitarios, xa que non incluían a toda a poboación, quedando unha parte dela sen obter eses dereitos. Normalmente eran excluídas as mulleres, as persoas nativas de distintos países... Un exemplo disto é a “Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán”.

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos foi creada por representantes de todos os países pertencentes á ONU. Consta dunha serie de 30 artigos que se aplican a todos as persoas dende o nacemento ata a morte, e están baseados na equidade, xustiza e dignidade humana.

Para celebrar e conmemorar este día podemos brindar a nosa axuda a países nos que non se cumpran estes dereitos, por exemplo mediante ONGs (Médicos sen fronteiras, Save the Children, Unicef, Cáritas...). Incluso podemos publicar nas redes algún material informativo que dea a coñecer a DUDH ou a existencia dun día para conmemoralala.

Ademais, como para o vindeiro 2023 vanse cumprir 75 anos dende a creación da DUDH, a ONU comezou unha campaña dun ano de duración coa finalidade de dar a coñecela, os dereito que nos brindou, a súa relevancia e o activismo para defendela. Para isto, crearon carteis en diversos idiomas, con imaxes e pequenos textos entre os cales se encontra o lema de este 2022 ("Dignidade, liberdade e xustiza para todos").

En conclusión, este é un día moi importante xa que grazas á Declaración Universal dos Dereitos Humanos temos unha sociedade xusta e igualitaria en moitos países. É responsabilidade de todos/as traballar por unha sociedade mellor.

Paula Rodríguez Castelo , 4ºESO



## Ditos do lobo

Unha das festas tradicionais máis populares desta época, **o Samaín**, estase a piques de celebrar. As culturas indoeuropeas conme moraban arredor do primeiro de novembro o final do verán e, con iso, o comezo dun novo ciclo agrícola e tamén dun novo ano, que nacía coa estación escura (o inverno). Neses días de transición, os espíritos dos mortos andarían entre os vivos, mellor ou peor recibidos. E desa crenza antiga derivan moitos dos ritos relixiosos que se manteñen aínda hoxe.

Como cada ano, é costume de disfrazarse de personaxes sinistros e xogar a meterlle medo ao veciño. Son clásicos destas datas os vampiros e vampiras, zombis, esqueletos andantes e toda caste de seres arrepiantes... O caso é transformarse en alguén que meta moito medo, pero só para divertirse.

Imos ocuparnos dun personaxe ben coñecido e ao que se lle gañou moito medo grazas a unha lenda que rulou polas aldeas galegas e transcendeu moito máis alá a mediados do século XIX. Disque daquela había un lobishome que, con enganos, mataba tanto nenos coma adultos aos que lles sacaba o unto para vendelo en Portugal. Este non era outro que Romasanta. Asasino en serie que confesou os seus crimes argumentando que era vítima dunha maldición que o convertía nun animal feroz.

A metamorfose de persoa a lobo está presente xa na literatura desde a antiga Roma. Na Idade Media reaparece con forza no folclore europeo, e as lendas do monstro foron levadas mesmo ás colonias americanas, onde xorden homes que transmutan en tigre e outras criaturas temibles. A mala sona do lobo desde a nenez está xustificada polos contos populares recollidos polos irmáns Grimm, onde os cánidos silvestres comen avoas, años inocentes e fanlle a vida imposible a uns porquiños construtores. Mais entre os adultos sempre se contaron contos de lobos á beira do lume, non esquezamos "Á luz do candil", de Ánxel Fole.

A pegada do temor que infunde este animal obsérvase na variada fraseoloxía que se creou na nosa lingua como vemos a continuación. Se alguén pon cara de espanto preguntámoslle: E viches o lobo?; se te amosas unha persoa imprudente dise que te metiches na boca do lobo; aqueles que nos pretenden enganar con malas artes sonche lobos con pel de cordeiros; e cando se anda con xentiña da que non aprendemos cousa boa dise quen con lobos anda, a ouvear aprende.



Hai cincuenta anos unha nena que odiaba a sopa e amaba os Beatles apareceu nas nosas vidas, e fomos medrando con ela tanto polos medios de comunicación coma polos libros traducidos a máis de trinta idiomas, entre eles o noso.

**Mafalda**, creación do debuxante arxentino Quino, é unha rapariga progresista que se preocupa pola humanidade e a paz mundial. Nace, graficamente, en 1964 en “Gregorio”, o suplemento humorístico da revista *Leoplan*. Para desenvolver a vida da protagonista e do seu grupo de amigos, o autor baseouse no ambiente do barrio bonaerense de San Telmo.

Un dos seus compañeiros de historieta, *Manolito*, é fillo de don Manolo, un galego propietario de *Almacenes don Manolo*. Quino retrata o Manoliño como un bruto sen delicadeza que por riba de todo ama o negocio familiar. É dicir, un neno materialista, sen imaxinación nin fantasía, pero ao que acabamos querendo porque é cariñoso e ten un humor no que finalmente quedamos presos.



**FELIZ  
ANIVERSARIO,  
MAFALADA!!!!**



# 100 Anos do descubrimento da tumba de Tutankamón

Moitas veces escoitamos falar sobre as pirámides en Exipto, os faraóns, os sarcófagos nos que se enterran aos defuntos, templos, etc. Do que non se fala tanto é sobre a xente que conseguiu atopar estes templos e artefactos, grazas aos que temos tanto coñecemento sobre o Antigo Exipto. Outra cousa que tampouco se adoita ter en conta é o incrivelmente difícil que é atopar estes lugares, pois algúns estaban moi ben escondidos para evitar os saqueos.

Comecemos co máis importante, **quen foi Tutankamón?**

Tutankamón foi un faraón exipcio da Dinastía XVIII, que foi famoso por entrar ao trono con só 8 anos. Tamén foi un rei reformista, cambiando moitas das leis do Imperio e retirando algunhas propostas polo seu pai Akenatón, o anterior faraón. A pesar do gran impacto que tivo, reinou durante moi pouco tempo, pois faleceu aos 18-19 anos debido ao seu débil estado de saúde.

En canto á súa tumba, coñécese porque foi das máis difíciles de encontrar, e polo furor que causou na época na que foi atopada, volvendo a darlle importancia á arqueoloxía (á exiptoloxía, en concreto), e tamén porque dela saíu o mito das maldicións nas tumbas exipcias, un tópico moi popular na literatura contemporánea e no cine.

Volvendo ao descubrimento da tumba, durante os anos 20, críase que todas as tumbas do Val dos Reis, lugar onde estaban enterrados a maioría dos faraóns, xa foran descubertas nesa época ou saqueadas por ladróns séculos antes. Aínda así, había xente que estaba convencida de que a tumba de Tutankamón era real, coma o caso do arqueólogo inglés **Howard Carter**.

A pesar de que moitos expertos do seu campo o deran por caso perdido, Carter buscou a tumba durante máis de 6 anos, incluso durante a Primeira Guerra Mundial. Finalmente, antes de renderse no novembro de 1922, que cría que ía ser o último ano da súa escavación, el e o seu equipo encontraron a escaleira á







entrada dunha tumba. O lugar de descanso de Tutankamón deixara de ser unha fantasía para tornar realidade.

A pesar de estar desordenada e incluso ter indicios de ser saqueada en varias ocasións é a tumba exipcia mellor conservada. Este feito axudou a dar forma á nosa comprensión da historia exipcia, levando neses anos a unha obsesión mundial con Tutankamón e os exipcios, que se manifestou na moda, na música e ata na arquitectura. Carter tamén inspirou e segue inspirando a xeracións de arqueólogos.



Howard Carter examinando o sarcófago de Tutankamón

Así pois, rematou a historia dun arqueólogo que grazas á súa perseveranza e a crer no seu traballo, desvelou un dos segredos que deu forma a unha das partes máis importantes da historia do noso mundo.

Gabriel Caamaño Abelenda, 4º ESO



## Plantas do Nadal

Mes de decembro. Achéganse as festas máis populares do ano. Levan aí toda a vida, dende o inicio dos tempos. A humanidade celebrou os solsticios, xa que eran os indicativos de mudanzas vitais. O de inverno simboliza a morte (pola falta de luz) e o posterior renacer (as sementes que emerxerán). Os romanos festexaban a súa chegada coas festas saturnais, durante sete días, intercambiábanse regalos, prendíanse candeas e decorábanse as casas con plantas. A versión moderna é a decoración dos comercios, das rúas e dos fogares polas festas de Nadal. Esta é moi variada grazas aos accesorios que mercamos nas tendas. Non hai tanto, collíase o que se tiña á man e montábanse ornamentos naturais, aínda que hai unha simboloxía moi antiga que vai máis alá do simple enfeito.

Este é o caso do acivro, “árbore silvestre, de follas brillantes elípticas ou ovais, duras e con espiñas nos bordos, flores brancas, e froito en bagas de cor vermella e madeira clara, dura e compacta”. Medra ben nos lugares húmidos e sombrizos. Atopámolo no oeste e no sur de Europa, e en Galicia dáse en todo o territorio, mais é abondoso nas zonas da montaña do centro e interior. Proba disto é a aparición na toponimia: temos Acivro como nome de lugar en Lugo, en Alfoz, Begonte e Vilalba; en plural, Acivros, na Coruña, en Cesuras e Moeche. Baixo a forma Acivreira ou Acivreiro, en Sobrado (A Coruña) e Muras (Lugo).

Os celtas consideraban o acivro sagrado e que atraía a boa sorte. Os xermanos colocaban unha póla del na porta das súas casas para afastar os malos espíritos, e os romanos, como xa se dixo, enfeitaban os fogares nas festas saturnais. Simbolizaba o acivro a continuidade da vida, posto que é unha planta que resiste os rigores do frío e dá os seus vistosos froitos en plena invernia. Na actualidade é unha especie moi valorada xa que lles ofrece refuxio e alimento en inverno a moitas especies de animais silvestres, como os leiróns, o corzo e a pita do monte. Como o seu froito madura nunha época do ano en que o alimento escasea, xoga un importante papel trófico nos meses máis desfavorables para a fauna. Debemos coidalo e protexelo de calquera ameza. Busquemos, daquela, alternativas para os adobíos de Nadal



# Festival de Nadal



Por fin!! Despois destes anos de parón

debido á COVID, neste curso puidemos despedirnos do 2022 por todo o alto, con varias actividades que tiveron lugar tanto no noso centro, como na Casa da Cultura.


Durante as primeiras horas da mañá, todo o alumnado participou nunha sesión de zumba.







A media mañá, desprazámonos ata o salón de actos da Casa da Cultura para o Festival de Nadal. Os alumnos/as de 4ºESO exerceron como anfitrións da gala, presentando cada unha das actuacións.





Velaquí as imaxes dos momentos estelares!!!



















O Dicionario da Real Academia Galega define **comadre** nas acepcións relacionadas co parentesco, pero na fala popular esta voz refírese tamén á veciña ou á amiga na que se ten especial confianza. Con este último significado, que lembra as mozas e vellas que se prestan apoio para faceren fronte aos contextos adversos e que se fan tamén compañía nos bos momentos da vida, vén empregándose dende hai moito tempo. Bebendo deste herdo tradicional, hoxe reivindicase dende o feminismo consciente como un xeito de se referir a aquelas que practican a **sororidade**, a solidariedade entre mulleres. E nese empeño de moitas comadres do século XXI de teceren redes de visibilidade para a súa mensaxe, esta voz acaba de se converter na **Palabra do Ano 2022**.

**Comadre** conseguiu ser unha das seis voces finalistas na votación popular promovida pola RAG e a Fundación Barrié a través do Portal das Palabras. A idea partiu a raíz das Comadres das Letras, un grupo de mulleres unidas arredor dun obradoiro de literatura que a estendeu a través das redes sociais. A proposta prendeu con forza xa na primeira fase da elección da Palabra do Ano, a da recolla de suxestións, e na segunda, a determinante, acadou a complicidade da maioría das persoas que participaron na elección telemática. Conseguiu, de feito, máis do dobre de votos que o segundo vocábulo máis apoiado, **candorca**, este último en referencia aos numerosos avistamentos de cetáceos que se produciron nas costas galegas o pasado verán, que provocaron máis dun susto entre os patróns de pequenas embarcacións de recreo. O terceiro termo en votos foi **ecocidio**, seguido de **resiliencia**, **autoestima** e **inflación**.

Unha palabra tradicional para o feminismo do s. XXI

Dicionario O Portal das Palabras



Como xa vos contamos noutro artigo da revista, a palabra do ano 2022 elixida por votación popular foi **comadre**, na acepción de ‘compañeiras que se prestan apoio para faceren fronte aos contextos adversos e que se fan tamén compañía nos bos momentos da vida’. Mais nós non somos os únicos que facemos esta escolla e, daquela, imos dar unha volta para ver que palabras escolleron os nosos veciños e con que realidades se identifican. Imos aló!

En **Portugal** a iniciativa Palavra do ano da Porto Editora elixiu **guerra**; a invasión de Ucraína por Rusia, o maior conflito militar no continente europeo desde a Segunda Guerra Mundial, está detrás desta escolla. En **Cataluña** seleccionan o neoloxismo do ano entre as diferentes propostas ofertadas polo Observatorio de Neologia e o Institut d’Estudis Catalans, e foi escollido **birra**, un termo antigo e popular, que non estaba incorporado ao Dicionario de la llengua catalana). No País Vasco, o Centro de Terminoloxía e Lexicografía, elixiron o termo **zorioneko** (afortunado) como palabra do ano 2022. Para **o castelán** a Fundación del Español Urgente (FundéuRAE), promovida pola Axencia EFE e a Real Academia Española, outorga o título de palabra do ano á locución **inteligencia artificial** seleccionada pola súa presenza nos medios de comunicación ao longo do ano, debido aos avances desenvolvidos neste ámbito e ás consecuencias éticas derivadas.

Dicionario *O Portal das Palabras*



## MES DA ARTE. 8M

Este ano, decidimos conmemorar o **Día da Muller** realizando unha instalación na entrada do edificio de Secundaria inspirada na obra da artista xaponesa Chiharu Shiota.

Coincidindo co recreo de Secundaria, o alumno de 1ºESO, José Ángel Maroño Ribeiro, leu diante dos seus compañeiros o seguinte manifesto.

*Co fin de celebrar o 8M, Día Internacional da Muller, no noso centro inspirámonos na obra da artista xaponesa Chiharu Shiota. Ela crea instalacións con fíos de lá entrelazados e caóticos que acaban construíndo espazos oníricos, fantásticos. A súa obra fala principalmente da memoria e do esquecemento.*

*A nosa instalación pretende reflectir a idea de unión a través da igualdade. Cada fío está entrelazado con outros moitos para crear unha estrutura. Todos eles son pequenas pezas que, xuntas, configuran unha forma complexa, interesante, que en certa medida tamén nos fai soñar; un pouco como acontece coa obra de Shiota.*

*É importante facer visible este día para loitar pola igualdade de dereitos e pola participación na sociedade de todas as mulleres, sen importar a raza, a condición social, o país de nacemento, ou outros factores.*

*As chaves e as mensaxes que cada estudante colgadas na instalación simbolizan os pasos, que como sociedade, debemos aínda dar para fortalecer o principio de igualdade entre mulleres e homes.*

Con anterioridade á celebración do 8M, os alumnos de Primaria participaron activamente na colocación dos fíos para a creación da estrutura.







Unha vez realizada a estrutura, todo o alumnado do centro puido participar colocando unha chave e unha breve mensaxe.



E finalmente, velaquí o resultado final!!!







## MES DA ARTE. Instalación: Arte e Vangardas

ARTE e VANGARDAS é o tema elixido para traballar de xeito transversal durante este curso, sendo a biblioteca o lugar do que xorde algunha das propostas.

Este mes de marzo é o Mes da Arte. Levaremos a cabo multitude de accións artísticas que ocuparán distintos espazos do noso centro, dende agora ata que remate o curso.




Comezamos deseñando unha instalación co alumnado da ESO que se presentou voluntario durante dous recreos. Para iso traballamos a técnica do graffiti con plantillas.





Os alumnos de 4º ESO pintaron, durante o 1º trimestre, un dos cadros máis coñecidos da pintura barroca española: *As Meninas*, de Velázquez.



Esta obra foi a peza inaugural do Mes da Arte. Xunto co cadro ó óleo, tamén se expoñen as paletas empregadas polos/as alumnos/as e unhas probas de forma e cor, realizadas sobre cartóns.







## 30 de xaneiro

Durante a semana do 23 ó 27 de xaneiro, todos os alumnos e alumnas de educación Infantil e Primaria participaron no deseño dun cartel para conmemorar o **Día da Paz**.

Tamén botaron unha man algúns estudantes de Secundaria nalgún dos recreos.

Tomamos como inspiración o Guernica de Picasso, e fixemos a nosa propia reinterpretación estampando mans en distintos niveis de grises.



Velaquí o resultado:



Graciñas a todos e a todas por participar!



Esta palabra que ten a orixe no substantivo latino candela -ae, ‘luz alimentada con cera ou sebo’, termo co que se crea no latín tardío festa candelarum, ‘a festa das candeas’. Celébrase o día **2 de febreiro**, época importante no ciclo astronómico, pois coincide coa metade do inverno, no momento xusto entre o solsticio da estación fría e o equinoccio de primavera, (pola candeloria, medio inverno vai fóra), no momento en que medran os días e a natureza comeza a preparar o estoupido de vida que está a chegar.

Na mitoloxía celta, chamábanlle Imbolg, celebración na honra da deusa Brigit, protectora das colleitas, o gando e a fecundidade. A candeloria tamén podería estar relacionada coa festa romana das Lupercais, na que, ademais de venerar o deus da fertilidade e a sexualidade masculina, facíase unha procesión onde os participantes zorregaban a xente cunhas tiras de coiro, co obxecto de “purificala”. O catolicismo procurou rematar coa festa; para iso, o papa Xelasio transformouna na festividade relixiosa da “purificación” da Virxe María e mais a presentación de Xesús no templo; co paso do tempo, fíxose costume nas parroquias bendicir as candeas que se empregarían logo en caso de tronada ou nos velorios para alumear o defunto no camiño ao máis alá.

A partir da candeloria, ningunha ave voa soa di o refrán para lembrar que o mes de febreiro comeza o retorno das aves migratorias e os cortexos preludian o renacer primaveral.

Dicionario *O Portal das Palabras*





## 14 de febreiro, día da amizade e do amor

Durante este día, os nosos “cupidos” de 4º ESO estiveron repartindo as cartas que algunhas alumnas e algúns alumnos deixaron na caixa do correo da amizade e do amor para os seus compañeiros.





O bico é a boca das aves (tamén peteiro), de certos animais e mesmo das persoas. Se se considera a voz como sinónimo de boca, podemos explicar, por metonimia, que se denomine bico a manifestación de agarimo que se realiza con esta parte do corpo. Todo o territorio galego falante coñece o termo e sabe empregalo para indicar esta mostra de afecto. A orixe da palabra crese que radica no termo celta bekkus de significado semellante. Ten como sinónimo o vocábulo beixo que procede do latín baisum que se empregaba para designar o 'bico que se pousa nos beizos'. Este nome é recoñecido no sur de Galicia, sobre todo, na provincia de Ourense. Tamén empregamos como denominación sinónima chucho, un derivado do verbo chuchar que remite ao latín vulgar \*suctiare que significaba 'chupar', que localizamos no norte do territorio, na provincia de Lugo. O nome culto ósculo, que só atopamos na literatura, bebe directamente do latín osculum, onde significaba 'bico que se daba nas fazulas ás amizades'.

A fraseoloxía galega recolle unha serie de locucións que toman como base de formación o nome bico nas distintas acepcións: boca ou beixo. Velaí algunhas delas:

**Comer a bicos**, coa que se indica que se dan moitos bicos e dun xeito reiterado cun matiz que denota exceso.

**O bico de Xudas** coa que o falante pretende facer referencia á traizón da persoa que actúa con engano, en clara alusión ao relato bíblico.

**Os bicos non fan fillos pero tocan as vésperas**, empregada nunha época na que a moral imponía recato nas relacións sentimentais.






5 marzo

# Día do Cómics

Para celebrar o día do Cómics, expuxemos no corredor da biblioteca algún dos traballos realizados polos alumnos/as de 1º ESO. Os cómics seleccionados foron os de:

- Ismael Amado Piñeiro
- Mara Nieto Ramos
- Uxía Ozón Atán
- Noelia Traba Martínez



## Fraxeoloxía do Entroido



Personificación do Entroido no cadro de Pieter Bruegel o Vello A guerra do Entroido e a Coresma.  
Kunsthistorische Museum. Viena

A tradición do Entroido en Galicia é de todas e todos coñecida. Non hai recuncho galego onde non se festexe dalgún xeito. Son tanto pequenas festas case familiares como grandes eventos de sona máis alá das fronteiras do país, mostra clara do cal é o Entroido de Xinzo, que foi declarado Festa de Interese Internacional. Estas celebracións teñen unha fonda pegada na gastronomía, nas distintas manifestacións culturais e, como non, tamén na lingua. Imos logo observar o efecto do **Entroido** na **fraxeoloxía** e no **refraneiro** galego.

Vaia por diante que a noción da beleza e da fealdade é subxectiva, pero recóllese a frase **feo coma un entroido**. Semella que deste xeito indicamos certo grao de fealdade xa que asociamos as distintas máscaras coa figuración de seres non agraciados; é o mesmo tipo de asociación que atopamos nas expresións, quizais máis empregadas e populares, feo coma un corvo, feo coma un sapo ou feo coma o demo.

Ligada ao aspecto físico ou máis ben á falta de elegancia encóntrase a expresión **vestir coma un entroido**. Algúns Entroidos poden identificarse coa sofisticación, como é o caso do de Venecia, pero no galego cada quen pode escoller o máis vello e estrafalario para ir correr o Entroido e pasar o día. Deste modo cando vemos alguén que non ten unha vestimenta moi harmónica dise del que viste coma un entroido ou que parece un entroideiro.





Outra referencia ao físico que reflicte a fraseoloxía entroideira está vencellada coa gordura. Segundo a crenza popular non hai posibilidades de estar gordo se non é comendo, e para iso o Entroido é a época ideal. Neste sentido débese entender **estar coma un Entroido**, á par, estar coma un rebolo ou estar coma un bocoi.



Por último, referirémonos á expresión **moverse máis ca un Entroido**, relacionada coa descrición do comportamento dunha persoa. Sinala o carácter inqueda ou movido da persoa a quen se lle aplica a expresión. O Entroido é unha festa que se desenvolve no exterior, cunha sorte de cerimonia dinámicas e buliciosas que fai que identifiquemos o individuo ao que nos referimos cun que non ten parada, como os participantes do Entroido.

Son abondosas tamén as pegadas do Entroido no **refraneiro** como se ve a continuación:

**Entroido larafuzán, comiches a chicha e deixaches o pan**, empregado para aquelas situacións onde alguén se decanta polo luxo e calidade, desprezando o máis humilde. Martes de Entroido e día de Pascua, cada larpeiro na súa casa, aínda que sexa unha tempada de fartura, mellor ter cabeza ao gastar. Non todos os días son martes de Entroido, hai que ter bo criterio e saber administrarse. Coa mesma noción aparece **o Entroido é un larpeiro, mais é o fillo dun pobre, cada un na súa casa gobiñase como pode**.

Hai proverbios relacionados co calendario, cos labores agrarios ou co tempo atmosférico que adoita facer nos meses nos que se celebran as festividades, como **Entroido ao tizón, Pascua ao sol**; ou o que garda relación co calendario e as tarefas da mantenza do fogar tradicional galego: **Polo santo Tomé, colle o porco polo pé; se non está gordo, déixao para o Entroido**. No inverno a actividade agraria no exterior redúcese polas condicións atmosféricas, pero, por outra banda, son estas as que permitían a matanza e a manipulación da carne. O mes de decembro (cando se celebra san Tomé, 21 de decembro) é ideal para matar o porco: para que a carne non se perda antes de salgala, e para facer despensa de cara ás festas do Nadal: roxóns, raxo, lacón ou paleta asada. Outra ocasión ideal volve ser febreiro, pois aínda vai frío: **en febreiro, sete mantas e un sombreiro**, e **o Entroido é para enchedoiros...**



## 27 DE MARZO, DÍA DO TEATRO

“Ser ou non ser, velaí a cuestión”, quen non lembra esta frase de A traxedia de Hamlet, príncipe de Dinamarca? Quen non escoitou aquilo de “o meu reino por un cabalo” de A vida e a morte do rei Ricardo III? E se nos din “Que é a vida? Unha ilusión...”, todas e todos pensamos en Pedro Calderón de la Barca porque A vida é soño.

Hai frases do **teatro** universal que saíron do seu ámbito e se incorporaron de pleno dereito á comunicación xeral. Sucede o mesmo con moitos termos deste mundo, que máis aló de representar obxectos, espazos, accións ou personaxes do quefacer dramático, deron novas acepcións figuradas para un uso máis común. Tiveron que pasar séculos para que, despois de miles de rituais máxicos e relixiosos da prehistoria e das celebracións da caza e da colleita, se fose conformando o que hoxe en día chamamos **teatro** (do latín *theatrum*, e este do grego *theatron* ‘lugar onde se asiste a un espectáculo, espectadores, ou o propio espectáculo’) e que ao cabo non é máis ca outra forma de nos comunicar.

### Palabras do teatro:

#### BAMBOLINA

Cada unha das pezas que constitúen a decoración superior dun escenario teatral e que consiste en teas ou papeis pintados.



## HISTRIÓN

Actor de teatro, na antiga Roma.

## GALIÑEIRO

Parte máis elevada dun cine, teatro etc., onde se atopan as localidades máis baratas.

## ARLEQUINADA

Obra de teatro na que o arlequín desempeña o papel principal.

## TREMOIA

Mecanismo que se utiliza no teatro para producir certos efectos especiais.

## CLAQUE

Grupo de persoas contratadas para que aplaudan un espectáculo.

## DRAMA

Obra de teatro de carácter serio pero corrente, onde a acción trágica vai acompañada de elementos realistas e cómicos.


A orixe etimolóxica deste último vocábulo está no grego drama, 'acción'. Nun sentido xeral, o drama é o xénero literario composto para o teatro, aínda que o texto non sexa representado. Nun



sentido específico, drama refírese a un xénero particular de obra de teatro xurdido no século XVIII, que se presenta como síntese da comedia e da traxedia. Deste significado propio do ámbito teatral derivou outro aberto a situacións da vida cotiá e deste xeito dicimos que “unha familia está vivindo un drama”. Curioso é o derivado verbal dramatizar que nun uso figurado ten o significado de “dar un carácter trágico ou facer que algo pareza máis trágico do que é”, é dicir, que cando dramatizamos dalgún xeito estamos actuando, usando o disimulo para enganar. Isto non é facer teatro?

*Diccionario O Portal das Palabras*





Representación artística dun exoplaneta semellante á Terra. © NASA/Ames/SETI Institute/JPL-Caltech

O Dicionario incluíu no 2016 como entrada o termo exoplaneta, que ten como definición “planeta que orbita arredor dunha estrela fóra do sistema solar”. Trátase dun termo de uso recorrente no ámbito científico e é previsible que se asente definitivamente no léxico da especialidade. Segundo os cálculos que se fixeron daquela había 3.532 exoplanetas rexistrados, desde que en 1995 se producise a primeira confirmación oficial, a de 51 Pegasi b.

O termo orixínase da prefixación de *exo-*, que significa ‘exterior’, á palabra *planeta*, que procedería dun adxectivo que os gregos da antigüidade empregaban co significado de ‘errante, vagabundo’ (debido a que se movían polo ceo nocturno, en contraste coas estrelas, que eran fixas). Cómpre considerar, porén, que a Unión Astronómica Internacional define os planetas só respecto ao Sol, polo que ironicamente un exoplaneta non é un planeta no seu sentido técnico.

Nos medios de comunicación, apareceron noticias relacionadas co denominado KOI-4878.01, un exoplaneta cunha masa e un raio análogos aos da Terra, e outras características (temperatura, densidade, gravidade) que fan que o seu IST (Índice de Similitude coa Terra) sexa do 98%. A súa localización está fóra do sistema solar, a máis de mil anos luz de distancia, orbitando unha estrela anana amarela, da que mantén a separación suficiente como para que fose posible a presenza de auga líquida na súa superficie, unha condición necesaria para que se tratase dun lugar habitable potencialmente.

Dicionario *O Portal das Palabras*



A estrela HD 149143 co seu satélite Sar, á man dereita do Seteiro collendo cara á Osa menor, por outro nome Rosalía de Castro, debe ter un espírito gustoso das brincadeiras. Só así se explica que nos adiantase a data de celebración dun dos fitos do ano da nosa cultura. Pois si, a partir do 2022 a data de nacemento de Rosalía de Castro pasa a ser o 23 de febreiro.

O cambio da data é froito do recente descubrimento do expediente matrimonial de Rosalía e Murguía por parte de Sagrario Abelleira no Archivo Histórico Diocesano de Madrid. No dito compendio documental atópase unha declaración da nai da poeta onde indica que esta nace o 23 de febreiro e que foi bautizada ao día seguinte, o 24, como María Rosalía Rita.

Para a sociedade galega o nacemento da autora de “Follas novas” converteuse nunha efeméride que celebramos cara ao final de febreiro. O importante é que festexemos o día de Rosalía, un símbolo de Galicia

¡Arriba  
todas, rapaciñas do lugar,  
que o sol  
i a aurora xa vos vén a despertar!  
¡Arriba!  
¡Arriba, toleirona mocidad,  
que atru-  
xaremos – cantaremos o *ala... lá...!!!*

Última estrofa da *Alborada* de Rosalía de Castro



## A PROPÓSITO DE ROSALÍA DE CASTRO

Este ano, aproveitando o aniversario da nosa poeta máis internacional, queremos comentarvos algunhas curiosidades que teñen que ver con ela e que non todos e todas coñecedes.

Imos aló!

### Unha compañía aérea dedica un avión a Rosalía de Castro



A aerolínea reivindica "o seu dobre papel pioneiro, na recuperación do galego e na emancipación da muller".

A compañía norueguesa presentou, hai seis anos (2017), o sexto dos seus avións dedicado a unha personaxe da historia e das artes de España, neste caso, a escritora e matriarca das letras galegas Rosalía de Castro.



Con ela, segundo a compañía, xa son seis as figuras da historia e da literatura española que adornan os avións noruegueses. En concreto, son os navegantes Cristóbal Colón e Juan Sebastián Elcano, os autores Miguel de Cervantes e Gloria Fuertes, e a sufragista Clara Campoamor.

“A incorporación da figura de Rosalía de Castro á frota norueguesa quere reivindicar o seu dobre papel pioneiro, na recuperación do galego como lingua de cultura e o seu papel de matriarca das letras galegas, por un lado, e na emancipación da muller, por outro”, segundo explicou a Miguel Urresti, responsable de Marketing de Norwegian en España. En ambos os dous aspectos, Rosalía amosou o camiño que multitude de mulleres e homes seguiron ao longo do último século e medio.

Mara Nieto Ramos, 1º ESO





## A estrela de Rosalía de Castro

Si! A nosa escritora máis internacional loce no ceo, é unha autentica estrela.

A candidatura da autora galega gañou

cunha importante maioría de votos o concurso para designar o seu nome estrela coñecida como HD 149143, situada na constelación de Ofiúco, a 240 anos luz da Terra. O seu planeta asociado, HD 149143, tamén pasará a chamarse Río Sar.

Rosalía de Castro e Río de Sar son os claros vencedores da votación en Internet para elixir o nome dunha estrela e o seu planeta, dentro do proxecto internacional impulsado pola Unión Astronómica Internacional (IAU) como parte das actividades de celebración do seu centenario.

O nome da nosa autora e o seu planeta asociado únense, deste xeito, ós de Cervantes, Quijote, Rocinante, Sancho e Dulcinea, que tamén foron elixidos en 2015



Como dixo o presidente da Fundación da escritora, “ Rosalía é agora a estrela que nos ilumina a todos nós”.

Alba Lago García, 2º ESO



## Rosalía de Castro, a Catedral de Santiago e o Celta de Vigo nos cómics de 'Batman'?

Pode soar estraño e mesmo se pode dubidar de se isto é certo ou non pero todo apunta a que **Rosalía de Castro, a Catedral de Santiago e o Celta de Vigo apareceron en varias ocasións nos cómics de Batman.**



Este cómic que foi levado ao cine é moi coñecido en todo o mundo, e é por iso que resulta incompreensible como parte da nosa cultura galega acabou nesta obra estadounidense.

As imaxes foron compartidas na rede social Twitter polo usuario Asier Lorenzo (@Asier1100), un debuxante galego que sinalou a existencia destes coñecidos elementos galegos, ademais, ao ver as evidencias, afirmou que el fora o artífice de que Rosalía, a Catedral de Santiago e o Celta aparecesen nos debuxos. Trátase do cómic *Flashpoint Beyond #6* (publicado en 2022).



**Pero... existen máis referencias a Galicia ?**

O debuxante quixo profundar máis no tema e deixou un pequeno reto para aquelas persoas que tivesen interese en continuar coa investigación: “Douvos unha pista, non é o único cómic no cal metín referencias dese tipo”. Agora esta nas nosas mans encontrar esas referencias...

Saray Hermida Gómez, 4º ESO



# Diario da viaxe a Portugal co alumando de 4º ESO

## Do 16 ó 21 de abril

A viaxe comezou o domingo 16 de abril. Ás 10:00h chegou Gonzalo, o noso condutor, que nos levou a todos e cada un dos sitios que visitamos. Grazas a el chegamos sempre puntuais. Moitas veces tivo que estar esperando por nós ó sol, comendo a correr, e pendente sempre do bus porque case nunca había un sitio onde poder aparcalo. Grazas, Gonzalo, por facernos a visita o máis cómoda posible!

Ó cabo dunhas cantas horas de viaxe fixemos a nosa primeira parada en Aveiro. Alí comemos a aproveitamos para pasear un pouco polo pobo. Á tardiña chegamos ó que sería o noso centro base, o pobo de Caldas da Rainha. Unha vez que acomodamos as nosas cousas na habitación, saímos a dar un paseo. Como aquí xa non nos guiaba Gonzalo perdémonos algo, pero logramos chegar a tempo ó hotel para a nosa primeira cea no bufete, había bacallau!

Tan pronto como nos espertamos ó día seguinte, marchamos para a famosa vila de Sintra, e visitamos a fermosísima Quinta da Regaleira.







Este día comemos sentados no parque que está preto do Casino de Estoril. Despois de descansar un pouco, achegámonos ata a “Porta do Inferno”, en Cascais. Máis tarde visitamos tamén o pobo. Algúns valentes mesmo se pegaron un baño rápido, a pesar de que algúns deles non ían preparados cos correspondentes traxes de baño.

Chegamos bastante cansos ó noso hotel: “Caldas Internacional”, pero as enerxías volveron cando vimos que un grupo enorme de alumnos e alumnas madrileños nos levaban todos os espaguetes e patacas fritas do bufete.

O martes pola mañá démoló todo no “Clube Aventura” de Vimieiros. Pola tarde, Eva, a nosa profe de Bioloxía, tivo a boa idea de mostrarnos uns acantilados moi chulos próximos ó pobo de Peniche, no cabo Carboeiro. Rematamos esta xornada de compras no fermoso pobo amurallado de Óbidos.



O mércores achegámonos ata a capital, Lisboa, e fixemos unha visita pola cidade da man da nosa guía, Filipa. Pola tarde, comemos rapidamente e puxémonos á cola (longuíssima, por certo) do Mosteiro dos Xerónimos. Rematamos a nosa estancia en Lisboa achegándonos ata o Monumento aos Descubridores e a Torre de Belém (que tamén estaba chea de xente).





O xoves foi un día algo máis relaxado que os anteriores. Pola mañá estivemos en Mafra e visitamos o seu Real Mosterio, que forma parte do Patrimonio da UNESCO.



Volvemos a Caldas para comer no hotel e a tarde tivémola libre para facer compras, ou para descansar un pouco antes da última noite. Despois de varios días, xa lle empezamos a coller algo de cariño ós madrileños e mesmo fixemos algúns amigos/as; pero non nos quedaba moito tempo. Despedímonos deles cuns

bailes na sala de xogos, ata que os de recepción nos pediron volver para as habitacións.

A nosa viaxe rematou o venres. Todos os días fixo bo tempo, excepto este. O son da choiva e o movemento do autobús fíxonos adormecer e a viaxe de volta pasounos nun suspiro.





Cando chegamos á Picota reencontrámonos coas familias. Para algúns dos/as rapaces/as era a primeira vez que pasaban tanto tempo fóra da casa, pero a verdade é que o levaron moi moi ben.

Despois desta viaxe de despedida, ó alumnado de 4º ESO espéralle o último esprinte de traballos, exames, exercicios, presentacións... antes de comezar unha nova etapa educativa noutro centro para o vindeiro curso.

Desexámosvos moita sorte nesa nova etapa que estades a piques de comezar. Xa sabedes que este cole será sempre a vosa casa.

Boa viaxe!







No ano 2023 o **Día das Letras Galegas** está dedicado ao artífice da propia celebración; se en 1963, o 17 de maio, se homenaxeou a obra de Rosalía de Castro (e de aí en diante a de moitas outras personalidades) debémosllo a **Francisco Fdez del Riego**, apoiado por Manuel Gómez Román e mais Xesús Ferro Couselo. Seis décadas despois péchase o círculo e festexamos a quen se converteu nun dos persoeiros que traballou arduamente por devolverlle o seu lugar á lingua e á cultura galega.

Desde moi novo participou activamente na reivindicación do noso patrimonio, xogou un papel activo no galeguismo político previo ao estoupido da guerra. Logo de rematar esta, sorteando a censura e as represalias, Francisco Fernández del Riego e Xaime Isla fixeron posible que o 25 de xullo de 1950 nacesse a **Editorial Galaxia**. Un ano máis tarde aparecen os **Cadernos Grial**, un espazo para a recuperación da lingua e cultura galega, onde o noso autor xunto con Ramón Piñeiro participou activamente na súa elaboración e difusión; mais só viron a luz catro números por culpa dos censores que prohibiron a súa publicación. Pero o noso homenaxeado non dubidou en porfiar na necesidade de seguir adiante e en 1963, outra vez con Ramón Piñeiro, dirixiu unha revista herdeira daqueles cadernos: **Grial. Revista Galega de Cultura**.

O nome dos cadernos está inspirado no mito do Santo Graal. Segundo as lendas trátase do cáliz co cal Xesús serviu o viño na Derradeira Cea. Esta copa logo recollería o sangue do crucificado e posuiría poderes especiais. Na literatura medieval aparece a materia de Bretaña, na que os cabaleiros da Táboa Redonda buscan (entre outras fazañas) o Graal polo mundo adiante. Unhas versións localízanos en Inglaterra a onde chegaría Xosé de Arimatea; outras din que se atopaba en Francia, e para nós estaría no Cebreiro, como Ramón Cabanillas nos amosa “Na noite estrelecida” onde se indica que o cáliz da igrexa do Cebreiro é o que recolleu o viño e o sangue de Xesús Cristo.

Grial foi a denominación elixida para esta revista, que leva 60 anos de actividade centrada no restablecemento da nosa identidade e na difusión da nosa cultura.

Dicionario O Portal das Palabras



## LETRAS GALEGAS 2023



**Francisco Fernández del Riego** nace en Vilanova de Lourenzá (Lugo) o 7 de xaneiro de 1913. É o primeiro dos 11 fillos e fillas dunha familia de comerciantes.

Empeza os estudos na escola unitaria de Vilanova, prepara o bacharelato cos frades do mosteiro para examinarse por libre en Lugo (canda Cunqueiro) e despois ingresa no Colexio dos Escolapios, en Monforte de Lemos. Devorador de libros desde a infancia, xa entón empeza a publicar os primeiros escritos na revista escolar e no semanario *Vallibria*.

En 1930 marcha a Madrid e matricúlase en Dereito. Alí frecuenta bibliotecas, teatros e faladoiros, participa nas asembleas da Federación Universitaria Escolar (FUE) e abraza a causa do galeguismo. A lectura da *Teoría do nacionalismo galego* de Risco marcará a súa posición política. No verán de 1931, celebra en Lourenzá o Día de Galicia pronunciando un discurso e izando a bandeira galega no balcón do concello.

Ao ano seguinte, a familia trasládase a Compostela, onde el remata Dereito e inicia Filosofía e Letras. Nesa época defende a galeguización da Universidade, entra no Seminario de Estudos Galegos e colabora en *Nós*, *A Nosa Terra* e noutros xornais e revistas. Ingresa no Partido Galeguista e participa en mitins por toda Galicia, na constitución de Galeuzca e na campaña a prol do Estatuto de autonomía.

En 1934 empeza a dar clases na facultade de Dereito, mais co inicio da Guerra Civil inhabilitáno para exercer. Tras un tempo agachado, incorpórase ao exército para salvar a vida.

Ao rematar a guerra, aséntase en Vigo, onde empeza a traballar no bufete de Valentín Paz-Andrade. Encárgase da revista *Industrias Pesqueras* e dá clases de forma extraoficial nos colexios Mezquita e Labor. En 1940, casa con Evelina Hervella.



En 1942, con Enrique Peinador e Gómez Román, tenta reorganizar o Partido Galeguista na clandestinidade, pero a detención de Ramón Piñeiro en 1946 supón un parón para as súas pretensións políticas e céntrase en actividades culturais. O réxime franquista fai que vaia preso en dúas ocasións, en 1947 e en 1954.

En 1949 publica *Cos ollos do noso espírito* na capital arxentina, comeza a exercer como correspondente do Centro Galego de Buenos Aires, coordina a maioría dos programas semanais en galego da BBC de Londres e colabora co xornal *La Noche*. Con Illa Couto pon en marcha o seu suplemento cultural, prohibido pouco despois pola censura.

En 1950 participa de forma decisiva na fundación de Galaxia e faise imprescindible desde aquela no funcionamento da editorial, comprometida coa restauración cultural da posguerra.

En 1960, ingresa na Real Academia Galega; el será un dos promotores da instauración do Día das Letras Galegas –que se empeza a celebrar en 1963–. Ese mesmo ano comeza a dirixir, con Ramón Piñeiro, a revista *Grial*; desempeña tamén un papel fundamental na creación da Biblioteca Penzol, que recolle o legado do sobranceiro galeguista que lle dá nome, e participa na fundación na clandestinidade do Partido Socialista Galego.

Non hai unha iniciativa cultural da época en que non apareza o seu nome. Aínda así, dálle tempo a escribir: desde os anos trinta publica ensaios de temas culturais, manuais de historia da literatura galega, escolmas de poesía galega, antoloxías da literatura universal, un dicionario de escritores en lingua galega, un vocabulario castelán-galego, libros de viaxes e de memorias, epistolarios, varios relatos curtos e unha novela, alén de constantes colaboracións na prensa.

En 1997 é nomeado presidente da Real Academia Galega, cargo que desenvolverá ata 2001, e nese período consegue que se abra aos investigadores e se achegue á sociedade.

Dóalle á cidade de Vigo a súa biblioteca e a súa colección artística, custodiada desde entón na Casa Galega da Cultura, a sede da Fundación Penzol, da que é director e onde traballa acotío na última etapa da súa vida.

Na Cidade Olívica fina en 2010, con 97 anos de idade. En 2022, a Real Academia Galega acorda dedicarlle o Día das Letras Galegas 2023, un máis dos merecidos recoñecementos para alguén que traballou incansablemente polo noso país.

María Antelo González, 4º ESO







## ENTREVISTA A IRIA VEIGA

*As alumnas e alumnos da materia de Cultura Científica de 4º ESO do CPI Plurilingüe da Picota estamos a realizar un proxecto sobre a saúde mental na mocidade e, para iso, quixemos contar coa palabra dunha profesional deste campo.*

*Iria Veiga Ramos, nada en Ferrol no 1981, é unha médica psiquiatra interesada na divulgación científica e na normalización da lingua galega. Cunha intensa actividade divulgadora nas redes sociais e en medios xornalísticos como Nós Diario, actualmente exerce a psiquiatría no Hospital Psiquiátrico*



*de Conxo. Ten, xunto con Javier Balea, o programa de directos Balea Vermella, que se pode seguir en Twitch e outras plataformas como Youtube ou Ivoox.*

- **Iria, moitas grazas por concedernos esta entrevista. Tras informarnos sobre a túa traxectoria, puidemos comprobar que che interesa especialmente a saúde mental da mocidade, por que?**

A mocidade paréceme unha etapa apaixonante e xeralmente pouco comprendida polos adultos, ademais de ser o momento no que comezan a maior parte dos trastornos mentais. Os seres humanos somos animais bastante raros, que nacemos cun cerebro moi inmaturo que ten que acabar de medrar fóra do útero materno. Na adolescencia é cando se completan estes procesos de maduración cerebral e o noso órgano máis potente acaba de “cocerse”. Por outra banda, tamén creo que as e os adolescentes teñen moi mala fama e cargan cunha morea de prexuízos e opinións negativas, que en parte se deben á non comprensión destes cambios biolóxicos que están a acontecer.

- **Nun artigo que publicaches chamounos moito a atención ler que o suicidio era tradicionalmente máis común na terceira idade que na xuventude. Tendo isto en conta, por que cres que as cifras de suicidio aumentaron nos últimos anos especialmente na adolescencia?**

Esta pregunta ten unha resposta en varias partes. Por unha banda, o suicidio na adolescencia continúa a ser un feito moi pouco frecuente, en cifras absolutas. Si



que é certo que aumentou, pero falamos de aumentos que supoñen tres ou catro casos por ano. Por suposto isto é terrible, aínda que se trate dunha única persoa, pero o que fai que o suicidio se sitúe como primeira causa de morte nestas franxas de idade é que a estas idades os falecementos por enfermidade son moi estraños, e a outra grande causa, que eran os accidentes de tráfico, diminuíu moitísimo. Así que eu chamaría á calma neste aspecto. Dito isto, si que estamos asistindo a un aumento da conduta autolesiva na mocidade, entendida en sentido amplo: ideas de morte, tentativas de suicidio non consumado e sobre todo autolesións non suicidas, como cortes. Non teño unha resposta clara para isto que está a acontecer, e non creo que ninguén a teña aínda. Penso que hai varios factores implicados, un deles posiblemente a pandemia que confinou na casa a persoas en idades moi centrais da súa vida, na que o esencial é precisamente a socialización. Outros problemas que eu intúo poden ser a falta de espazos de ocio propios para a adolescencia, a elevadísima esixencia académica e a falta de atención individualizada que recibe o alumnado con dificultades a causa das elevadas ratios e a sensación de que incluso esforzándose é difícil que teñan un futuro laboral satisfactorio.

- **Por outro lado, tamén nos chamou a atención descubrir que Galicia conta coas taxas máis altas de suicidio do Estado, a que cres que se podería deber isto?**

O suicidio está directamente relacionado coa exclusión social e a precariedade económica. Se a isto lle sumamos unha poboación moi envellecida, que como ben dicias máis arriba é a que padece as taxas máis elevadas de suicidio consumado, resulta un cóctel moi perigoso.

- **Agora gustaríanos centrarnos en concreto na depresión e na ansiedade. Cres que o sufrir estes trastornos está máis normalizado entre a mocidade?**

Creo que está máis normalizado falar deles, cousa que é moi boa. As persoas das xeracións anteriores sofren estes problemas en igual medida, pero non se atreven a falar deles porque estaba mal visto socialmente ou consideran que van ser percibidos como febles ou menos capaces. O que non se nomea non existe, e moitas persoas que padecen estes trastornos poden non ser conscientes sequera deles porque non están afeitos a poñerlle palabras ao malestar psíquico. Isto afecta sobre todo aos homes, que sofren os estereotipos do seu rol de xénero que lles impide expresar tristura ou nerviosismo, canalizando o afecto negativo unicamente como agresividade.



- **Tamén alertas dos perigos de autodiagnosticarse depresión ou ansiedade sen contar cun diagnóstico profesional, como cres que pode afectar este fenómeno a persoas que de verdade están a padecer estes trastornos da saúde mental?**

A parte mala que pode ter falar máis sobre a saúde mental é que se pode confundir a ansiedade ou a tristura normal con ter un trastorno de ansiedade ou padecer depresión. Estar nerviosa porque tes un exame ou triste pola morte dun ser querido son sentimentos normais e non debemos patoloxizalos. Os sentimentos teñen a súa función e non se debe confundir ter un bo estado de saúde mental con estar sempre feliz, porque isto é imposible e ademais sería un pouco inquietante. Imaxina alguén feliz e contento nun enterro ou ante unha ruptura de parella! Para as persoas que realmente padecen estes trastornos, isto pode facer que se banalicen ou non se tomen en serio, como se a depresión puidese curarse simplemente con distraerse ou “animarse” ou como se todo o mundo tivese un trastorno do estado de ánimo, o cal por sorte é falso.

- **Por último, reflectindo na clase, vimos que a esquizofrenia é unha doenza mental moi descoñecida para nós ao tempo que nos espertaba moito interese. Gustaríanos saber se é un trastorno común na mocidade e en que etapa da vida se comeza a manifestar.**

A esquizofrenia é unha das doenzas das que menos se fala, agora que está tan de moda falar de saúde mental. Eu creo que isto acontece porque todos podemos identificarnos con alguén que ten ansiedade, pero os síntomas da esquizofrenia resultan moi estraños e perturbadores, e preferimos non pensar que nos pode suceder algo así. É un trastorno que aparece nos primeiros anos da idade adulta e que se caracteriza por producir alucinacións, que son sobre todo voces que o paciente percibe pero que son producidas polos seu cerebro. Ademais, provoca ideas que chamamos delirios, que son formas de percibir a realidade alteradas. Quen ten estas ideas delirantes pode pensar que ten un microchip implantado e que o controlan, ou que é un ser extraterrestre ou que a súa familia foi suplantada por actores e realmente non son eles, por exemplo. Aínda que ten unha base xenética, o consumo de drogas e especialmente de cánnabis é un dos principais factores para padecela. A pesar de non escoitar case falar dela, é unha enfermidade bastante común, que sofre unha de cada cen persoas en todo o mundo.

**Moitas grazas pola túa atención e polo teu traballo a favor da saúde mental.**





## 200 ANIVERSARIO DO SEU REDESCUBRIMENTO

**PETRA** é un imponente enclave arqueolóxico situado na actual Xordania. Fundada na antigüidade a finais do século XIII a.c. polos Edomitas, sería máis tarde ocupada polos Naboteos ao longo do século VI a.c.



Serían os Nabateos os que farían prosperar e crear ese lugar aproveitando a súa situación privilexiada na ruta das caravanas de mercancías e especias entre Oriente Medio e o Mediterráneo.

A partires do século VI d.c., os cambios nas rutas comerciais e os grandes terremotos que a día de hoxe sabemos que ocorreron naquela parte do mundo, levarían a Petra ó abandono pouco a pouco, pasando a ser Palmira, outra cidade magnífica, a que a substituiría como paso do comercio naqueles tempos.

Petra iría quedando no esquecemento e converténdose ó longo do tempo como refuxio de pobos beduínos e quedando oculta ás miradas do mundo, e así permaneceu ó longo de máis de 1000 anos.

Ata ben entrados no século XIX, alá polo 1822, será cando vexa a luz o libro “**Viaxes a Siria e Terra Santa**” e é agora cando o mundo occidental se atoparía coa existencia deste magnífico enclave arqueolóxico.

Sería da man do explorador suízo **Johan Ludvig Burckhardt**, quen con 28 anos de idade visitaría estas terras nunha das súas moitas viaxes, coa idea de aprender árabe e chegando a converterse ao islam, iso si, camuflado cun nome falso, ao fin e ao cabo non se sabía con certeza a súa principal ocupación, se aventureiro, explorador ou espía; xa que naqueles tempos e por aquelas afastadas terras, a liña que podía separar unha ocupación da outra aos ollos daqueles pobos sería unha liña moi fina.



Nese tempo chegaría aos seus oídos a posible existencia dunha antiga cidade oculta e esculpida na pedra. Ante este feito e coa personalidade de Johan, disposto a chegar a onde fose, e da maneira que fose, trazaría un plan para logralo, e non se lle ocorrería outra cousa máis que finxir ser un devoto relixioso, chegando a convencer a un beduíno para que fose o seu guía por aquelas terras e que o axudara a chegar ante a tumba de Aaron co propósito de facer alí un sacrificio.

Non sería tan sinxelo, xa que o pobo beduíno, nómades que naquel tempo eran os únicos poboadores e coñecedores daquel lugar, procuraban como fose que ninguén soubese del. Johan sería ata ameazado de morte en caso de revelar algo da súa viaxe; a mirada daquel nómade debeu ser moi efectiva xa que o descubrimento de Petra, manteríase en segredo ao longo dunha década ata a aparición do seu libro, iso si, cando o propio escritor levaba anos enterrado no Cairo, morto por difteria.

Despois do descubrimento, outros moitos exploradores chegarían a Petra pero os beduínos seguirán protexéndoa do mundo e seguirían sendo os seus donos ata que nos anos 80, chegarían a un acordo co



gobierno xordano para que Petra poida ser visitada por millóns de persoas, e poida ser considerada coma unha das máis grandes cidades antigas do mundo polas súas magníficas estruturas talladas.

Tan increíble foi a historia desta cidade...como o seu esquecemento e descoñecemento ao longo de máis de 1000 anos, así como a historia do seu re descubrimento fai xa 200 anos. Hoxe Petra é para o mundo unha das **7 marabillas da Humanidade!!!**

NOA COSTA BLANCO, 4º ESO



## MÁIS QUE UNHA ESCOLA

Neste terceiro trimestre, no CPI Plurilingüe da Picota organizáronse unha serie de competicións atléticas a cargo do docente de Educación Física Anxo Agra. Estes mencionados xogos están organizados en grupos de 4 a 7 participantes en función do tipo de deporte e realízanse durante o recreo.

Grazas a estas competicións, os distintos cursos da ESO poden despexar a cabeza dos exames, relaxarse e divertirse. O obxectivo principal deste profesor é fomentar a actividade física e pasar un bo momento. Como ben comentou varias veces Anxo, “Trátase de xogar e desfrutar desta vida, para min é máis importante un bo amigo/unha boa amiga que un bo xogador ou unha boa xogadora”.

Os distintos deportes que se organizaron son os seguintes: Colpbol, Minibasket, Fútbol 7 e Minivolley. A arbitrase está feita por Anxo en todos os casos. Nun primeiro momento, pensárase que os estudantes máis xoves estarían en desvantaxe. Non obstante, estes están sorprendendo ao público cun gran nivel e o fútbol está adaptado para eles, xa que teñen a posibilidade de incluír a máis xogadores na súa plantilla. Ante todo, Anxo prioriza a deportividade e a estratexia en equipo, ensinando que en todos os deportes de equipo gaña o bando que mellor se manexa e que conta cunha mellor comunicación.

Como conclusión, gustaríame remarcar que se necesita máis profesorado que organice actividades, xa que penso que son cruciais para que os rapaces e as rapazas vaian entendendo dende novos/as a importancia do deporte en equipo e a disciplina. Outras competicións creadas ao longo destes anos foron un éxito, e non se esperaba menos desta. Para finalizar quero animarvos a todos e a todas a participar e a pedirlles aos respectivos profesores que nunca paren de organizar estas actividades e outras máis, que reflicten se unha escola está viva ou non.



Mateo Cousillas Lema, 4ºESO



mazaricosrea

trios

crea

Do 5 de xuño ó 31 de agosto de 2023  
Na Casa da Cultura da Picota

mazaricosrea



POLOS  
CREATIVOS

